



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 306
23 de decembro de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 41108 (12/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34268, publicada no BOPG núm. 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.) [148854](#)

I 41109 (12/MOC-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 38717, publicada no BOPG núm. 286f2, do 19 de novembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.) [148854](#)

I 41112 (12/MOC-000097)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34662, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.) [148854](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 24107 (12/PNP-001908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas [148855](#)



Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 39165 (12/PNP-002898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

[148855](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 2174 (12/PNP-000254)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte

[148856](#)

I 2920 (12/PNP-000328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romani-zación de Galicia de Lugo

[148856](#)

I 24467 (12/PNP-001942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM)

[148856](#)

I 26550 (12/PNP-002134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia

[148856](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 1676 (12/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego relativa ao impulso da construción do gasoduto Guitiriz-Zamora

[148857](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 21997 (12/PNC-002058)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia

[148857](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Proposta polo Pleno

- (12/DEC-000017)

Pleno do Parlamento

I Declaración Institucional con ocasión do cincuenta aniversario do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)

[148858](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de decembro de 2025, de ratificación da actualización das especificacións do plan de pensións do Parlamento no relativo á protección de datos e a continxencias cubertas polo plan en caso de xubilación parcial

[148860](#)

4.2. Correccións de erros

I Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 15 de decembro de 2025 en relación coa omisión da admisión a trámite da pregunta con resposta escrita doc. núm. 41117 (12/PRE-013313)

[148867](#)

I 41117 (12/PRE-013313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Frades durante o ano 2017

[148870](#)

I Corrección de erros na execución dos acordos das Resolucións da Presidencia do 27 de agosto de 2024 e 28 de agosto de 2025 e da Mesa do Parlamento dos días 3 de setembro de 2024 e 4 de febreiro de 2025, en relación coas respostas das preguntas escritas núms. 2063 (12/PRE-001823), 22592 (12/PRE-008416), 25994 (12/PRE-008780), 20999 (12/PRE-010012), 6483 (12/PRE-002316) e 8269 (12/PRE-003377)

[148868](#)

I 9137 - 2063 (12/PRE-001823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a situación en que está a Fundación Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica e as previsións que ten o Goberno galego para garantir o seu correcto funcionamento [148873](#)

■ 32052 - 22592 (12/PRE-008416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as explicacións da Xunta de Galicia, así como as responsabilidades políticas que pensa asumir, tras o último derrubamento rexistrado no edificio do Hospital Materno-Infantil de Ourense [148875](#)

■ 31366 - 25994 (12/PRE-008780)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre os resultados da visita realizada polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á fabrica de Sargadelos [148877](#)

■ 31291 - 20999 (12/PRE-010012)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos [148879](#)

■ 9833 - 6483 (12/PRE-002316)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cobertura da demanda xerada en Galicia das prestacións outorgadas pola Lei de dependencia [148881](#)

■ 18501 - 8269 (12/PRE-003377)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a evolución das axudas para investimentos en pemes do sector da transformación de produtos pesqueiros e da acuicultura convocadas ao abeiro da orde publicada o 3 de xaneiro de 2023 [148884](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

O Pleno do Parlamento, na sesión do 16 de decembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 41108 (12/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34268, publicada no BOPG núm. 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 41109 (12/MOC-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 38717, publicada no BOPG núm. 286f2, do 19 de novembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 41112 (12/MOC-000097)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34662, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 24107 (12/PNP-001908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, 25 votos en contra e 10 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a importancia das materias primas fundamentais e das materias primas estratéxicas para reforzar a autonomía estratéxica e reducir a dependencia do exterior.

2. Continuar coa axenda iniciada este 2025 e convocar novos concursos de dereitos mineiros caducados co obxectivo de impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento.

3. Dirixirse ao Goberno de España para que promova as iniciativas lexislativas necesarias para establecer o recoñecemento explícito das materias primas minerais como recursos de primeira necesidade e carácter estratéxico dentro da Reserva Estratéxica baseada nas Capacidades Nacionais de Produción Industrial (RECAPI).»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 39165 (12/PNP-002898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

BOPG nº 295f1, do 03.12.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que tome con urxencia as medidas necesarias para garantir a continuidade do Programa de Auxiliares de Conversa, asegurando ao mesmo tempo que a súa aplicación non supoña un prexuízo económico para as comunidades autónomas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 2174 (12/PNP-000254)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte

BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 2920 (12/PNP-000328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romani-
zación de Galicia de Lugo

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 24467 (12/PNP-001942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM)

BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 26550 (12/PNP-002134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia

BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 19 de decembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 1676 (12/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego relativa ao impulso da construción do gasoduto Guitiriz-Zamora

BOPG nº 16f2, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir demandando ao Goberno de España que defenda ante a Comisión Europea a inclusión do hidroxenoduto A Coruña-Zamora na lista de Proxectos de Interese Común. Así mesmo, o Parlamento insta a que, no caso de que finalmente non se abra ou se peche a vía para a súa incorporación á citada lista europea, a Xunta manteña o seu compromiso de defender este proxecto estratéxico dende Galicia por todas as vías dispoñibles.»

Rexeitamento da iniciativa

- 21997 (12/PNC-002058)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia

BOPG nº 179f1, do 26.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 16 de decembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Proposta polo Pleno

- (12/DEC-000017)

Pleno do Parlamento

Con ocasión do cincuenta aniversario do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976).

Declaración Institucional con ocasión do cincuenta aniversario do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)

O vindeiro ano 2026 fanse cincuenta anos do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), figura esencial das letras, do pensamento e da identidade galega contemporánea, así como o centenario da publicación dunha das súas grandes obras, a *Guía de Galicia*.

Profesor, ensaísta, xeógrafo, novelista, político e membro destacado das Irmandades da Fala e máis tarde do Partido Galeguista, Otero Pedrayo foi un dos piares do florecemento cultural e intelectual de Galicia, representante dunha xeración que soubo vincular o galeguismo coa defensa da cultura universal e co compromiso coa nosa terra.

A súa obra literaria e científica —que abrangue a narrativa, o ensaio, a historia, a xeografía, a filosofía e o pensamento político— segue a ser un referente de estudo e de inspiración. O seu exemplo de dedicación a Galicia, á lingua e á cultura galega merece, neste marco conmemorativo, un recoñecemento institucional amplo e transversal.

Desde o seu prolífico labor non deixou xénero literario sen cultivar, o que lle valeu a designación como «Patriarca das Letras Galegas». Desde o ensaio á novela, desde a poesía ao teatro; o artigo xornalístico ou o traballo científico, tanto histórico como xeográfico, constitúen o inmenso, case inabarcable mundo literario de Don Ramón, ao que hai que engadir a parte máis sobresaínte da súa figura intelectual, por ter sido un dos máis grandes oradores da historia de Galicia.

Formouse no galeguismo da man de Antón Losada Diéguez, xunto con Risco e Cuevillas, formando parte do Ateneo Ourenán en 1914 e tamén do Grupo NÓS cos intelectuais máis sobranceiros daquel tempo, con todo o que significou este grupo no mundo cultural galego. A Real Academia Galega nomeouno membro de número en 1929.

Foi tamén un reputado mestre de vocación, pois accede xa á cátedra de instituto no ano 1919, ao tempo que tamén inicia a súa implicación na vida política galega, empezando en 1918 pola participación na candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea, membro das Irmandades da Fala de Compostela e, tres anos máis tarde, viaxa a Vigo, en abril de 1921, con Vicente Risco e Noguerol, para participar na asemblea anual das Irmandades.



Coa chegada da República, Otero e outros galeguistas ven a posibilidade de acadar a autonomía de Galicia, polo que comeza en 1930 a percorrer a provincia de Ourense dando mitins de carácter nacionalista e fundando o Partido Nazonalista Repubricán de Ourense, do que foi presidente, defendendo a cooficialidade das linguas e a autonomía de Galicia. Acada entón a acta de deputado, xunto con Castelao e Suárez Picallo, e en decembro de 1931 participa na fundación do Partido Galeguista, de cuxo Consello Executivo formou parte.

Nunca abandonou o Partido Galeguista, aínda que polo seu profundo catolicismo e pensamento político de corte liberal e conservador disentiu en ocasións das súas propostas. Participou moi activamente na campaña do plebiscito do Estatuto de Galicia, compartindo coma todos os galeguistas a ledicia polo triunfo do 28 de xuño de 1936. Este percorrido político fixo que fose vítima de represión unha vez sobrevido o levantamento militar que trunca todas as súas ilusións, e no ano 1937 foi destituído e apartado do ensino, ao que non volverá a incorporarse ata 1948. En 1950 oposita á cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago, converténdose no primeiro catedrático desta materia na USC.

Entregado a unha actividade intelectual intensa, representou naquel momento a resistencia do galeguismo histórico, levando a cabo os primeiros discursos públicos en galego. Foi o derradeiro presidente do Seminario de Estudos Galegos, participando logo na fundación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, no que traballou en infinidade de proxectos e investigacións.

Nesa época colabora con estudantes mozos inquedaos e desexosos de escoitalo cada tarde no Café Español, que popularizaron os seus poemas polo grupo Brais Pinto (Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Bautista Álvarez, Ramón Lorenzo, Raimundo Patiño, Fernández Ferreiro, Herminio Barreiro,) do libro *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*.

Hoxe a Fundación Otero Pedrayo ubicada en Trasalba- Amoeiro vela pola proxección da súa figura e da súa obra, que están presentes na produción editorial, cultural e docente por todo o país.

Ramón Otero Pedrayo únenos a todos. É un dos persoeiros máis coñecidos e recoñecidos por todos os galegos e as galegas. Por iso o pobo galego lle outorgou a súa máxima estima.

Por todo isto, e considerando a transcendencia da súa figura na construción da Galicia moderna, propónse, como recoñecemento e mostra de gratitude do pobo galego, acordar declarar o vindeiro ano 2026 como Ano Oteriano, promovendo actividades de investigación, difusión e posta en valor da súa vida e obra en colaboración coas institucións culturais, educativas e académicas do país.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de decembro de 2025, de ratificación da actualización das especificacións do plan de pensións do Parlamento no relativo á protección de datos e a continxencias cubertas polo plan en caso de xubilación parcial.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 15 de decembro de 2025, resolveu ratificar a actualización do regulamento ou especificacións do plan de pensións «Empregados e empregadas do Parlamento de Galicia, plan de pensións», ao abeiro do artigo 39 do dito texto, nos termos que se indican a continuación.

«Artigo 21. Protección de datos

1. Quen é o responsable do tratamento?

ABANCA VIDA E PENSIONES DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.U., con NIF A-15140387 (en diante, «ABANCA Vida e Pensiones»).

2. Cal é a orixe dos teus datos persoais e que datos tratamos?

2.1. Fontes das que proceden os teus datos:

Os teus datos persoais tratados por ABANCA Vida e Pensiones poden proceder de ti mesmo, ser xerados en ABANCA Vida e Pensiones, ou ter a súa orixe en fontes externas: i) Datos facilitados por ti; ii) Datos xerados sobre ti derivados da propia xestión, desenvolvemento e mantemento das relacións contractuais ou precontractuais que manteñas con ABANCA Vida e Pensiones; iii) Entidades encargadas da xestión das continxencias recollidas nos contratos que manteñas con ABANCA Vida e Pensiones; iv) Entidade encargada da xestión depositaria dos fondos de pensións; así como, de ser o caso, as entidades nas cales ABANCA Vida e Pensiones externalice algunha función clave (función actuarial, función de xestión de riscos e función de auditoría interna); v) Entidades comercializadoras de plans de pensións; vi) Entidades promotoras de plans de pensións; vii) Empresas do Grupo Económico de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (ao que pertence ABANCA Vida e Pensiones); viii) Fontes accesibles ao público (p.ex., censo promocional, diarios e boletíns oficiais ou redes sociais abertas); e ix) Organismos da Administración pública (p.ex., a Tesourería Xeral da Seguridade Social, o Instituto Nacional de Estatística -INE-, a Axencia Estatal de Administración Tributaria -AEAT- ou o Índice Nacional de Defuncións -INDEF-). No caso de que proporciones datos de terceiros, garantes que contas co consentimento expreso dos devanditos terceiros para comunicar a ABANCA Vida e Pensiones os seus datos. Así mesmo, garantes que os terceiros cuxos datos proporciones foron debidamente informados dos tratamentos que ABANCA Vida e Pensiones levará a cabo cos devanditos datos, tratamentos que se atopan aquí recollidos na presente información básica sobre protección de datos persoais.



2.2. Categorías de datos persoais:

Os datos que tratamos corresponden ás seguintes categorías: i) Datos identificativos e de contacto; ii) Datos referidos á túa voz; iii) Datos de sinatura (manuscrita e dixitalizada) e datos relativos a códigos ou claves de identificación; iv) Datos dos produtos ou servizos contratados; v) Categorías especiais de datos (p. ex., os datos de saúde achegados para a tramitación das continxencias cubertas polos plans de pensións; ou os datos asociados á sinatura dixital-sinatura en tableta ou a través da surface); vi) Datos sobre as continxencias ocorridas dos plans de pensións; vii) Datos persoais de terceiros que se atopen baixo a cobertura do contrato de plan de pensións (p.ex., beneficiarios); viii) Datos de circunstancias persoais, familiares e sociais; ix) Datos sociodemográficos; x) Datos de situación xeográfica; xi) Datos de navegación e comportamento en liña/app; xii) Datos académicos e profesionais; xiii) Datos de emprego; xiv) Datos da actividade comercial; xv) Datos económicos; xvi) Datos financeiros; xvii) Datos transaccionais; xviii) Datos inferidos ou deducidos da análise e tratamento do resto de categorías de datos persoais; e xix) Datos de persoas sobre as que existen sancións e contramedidas financeiras internacionais.

3. Para que tratamos os datos persoais e baixo que lexitimación?

Seguidamente, informámosche sobre os distintos tratamentos dos teus datos persoais dos que ABANCA Vida e Pensións é responsable, con especificación das respectivas bases xurídicas que os lexitiman e as finalidades de cada un deles:

3.1. Tratamentos necesarios para a execución das túas relacións contractuais ou precontractuais con ABANCA Vida e Pensións.

Co obxectivo de executar as relacións contractuais ou precontractuais que establezas con ABANCA Vida e Pensións e, por tanto, para poder prestarche os servizos e proporcionarche os produtos que sexan obxecto das túas relacións, levaremos a cabo os seguintes tratamentos: i) trataremos os teus datos para a formalización, mantemento e cumprimento das túas relacións contractuais ou precontractuais con ABANCA Vida e Pensións (o que comprende recibir as solicitudes de información ou de contratación que realizases sobre os nosos produtos ou servizos; contactar contigo con ocasión de calquera incidencia que puidese impedir a finalización da contratación e permitirche retomar a mesma; proceder, de ser o caso, á alta da operación solicitada mediante a sinatura do correspondente contrato; manter, desenvolver e controlar as túas relacións con ABANCA Vida e Pensións; enviarche comunicacións non comerciais estritamente relacionadas cos produtos e servizos que teñas contratados; previa información, gravar as conversacións telefónicas que manteñas connosco; analizar e xestionar situacións de falta de pagamentos que poidan producirse; xestionar e dar resposta ás reclamacións que, de ser o caso, presentes; e xestionar a aplicación de bonificacións, descontos ou calquera outra condición promocional, así como a entrega de premios e/o obsequios promocionais que, de ser o caso, estivesen asociados ou fosen de aplicación á relación contractual establecida con ABANCA Vida e Pensións); ii) adicionalmente, o necesario tratamento dos teus datos de saúde para a tramitación das continxencias cubertas polos plans de pensións que teñas contratados fundaméntase no consentimento expreso que prestas a través da sinatura e aceptación tanto do presente documento como dos restantes documentos cuxa sinatura se requira con motivo da devandita tramitación; e iii) a consulta de información no Índice Nacional de Defuncións - INDEF.



3.2. Tratamentos realizados para o cumprimento de obrigacións legais.

Para cumprir coas obrigacións legais que nos resulten aplicables en cada caso, podemos tratar os teus datos para: i) dar resposta, se procede, ás solicitudes de información realizadas polas administracións e organismos públicos e xuíces e tribunais competentes; ii) a prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo; iii) a comunicación dos teus datos ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas; iv) a comunicación de información sobre as túas percepcións en diñeiro e en especie, así como a túa residencia fiscal e/o calquera outra información sobre a túa situación persoal e familiar solicitada polas administracións tributarias competentes (p.ex., a AEAT) para a aplicación efectiva do sistema tributario estatal e aduaneiro; e v) a comunicación de información aos auditores de contas externos, para os fins da realización da auditoría á que vén obrigada ABANCA Vida e Pensións en virtude da normativa de auditoría de contas, pola súa condición de sociedade xestora de plans de pensións.

3.3. Tratamentos realizados por interese lexítimo de ABANCA Vida e Pensións.

Tratamos os teus datos persoais en base á satisfacción dos intereses lexítimos perseguidos por ABANCA Vida e Pensións, e na medida en que sobre eses intereses lexítimos non prevalezan os teus propios intereses ou dereitos e liberdades fundamentais, para as seguintes finalidades: i) detectar e previr a fraude na contratación e durante a provisión ou execución dos nosos produtos e servizos que puidese derivar nun prexuízo para ti, para terceiros e/o para ABANCA Vida e Pensións; ii) elaborar, facendo uso exclusivamente de datos procedentes das nosas fontes internas, perfís comerciais (o que nos permite analizar e predicir as túas preferencias persoais, situación económica, intereses, localización xeográfica e comportamento), para poder ofrecerche información publicitaria axustada aos devanditos perfís sobre os nosos produtos e servizos similares aos que teñas contratados; iii) ofrecerche información publicitaria, mesmo a través de medios de comunicación electrónica, sobre produtos e servizos similares aos contratados; iv) enviar enquisas para avaliar o teu nivel de satisfacción e a calidade do produto ou servizo que contratases; e v) analizar os datos para a mellora dos nosos procesos internos e/o a mellora dos nosos produtos e servizos. En calquera momento, poderás exercer o teu dereito de oposición ao envío de comunicacións comerciais e enquisas, así como ao tratamento dos teus datos para a elaboración dos perfís mencionados no precedente apartado ii), dirixíndote ao Servizo de Atención ao Cliente de ABANCA Vida e Pensións a través das canles referidas na información adicional e detallada sobre protección de datos que figura na política de privacidade accesible na nosa páxina web (<https://www.abanca.com/>), dentro do apartado de «Aspectos legais e de seguridade», situado na parte inferior da devandita páxina web.

3.4. Tratamentos realizados co teu consentimento. Exclusivamente no caso de solicitar e obter o teu previo consentimento para ese efecto, poderemos realizar os seguintes tratamentos dos teus datos persoais:

3.4.1. Ofrecerche información publicitaria axustada ao teu perfil sobre produtos e servizos das demais empresas do Grupo Económico de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. e de colaboradores.

Trataremos os teus datos persoais para ofrecerche, a través de calquera medio (correo postal, teléfono, mensaxes de calquera tipo ao teléfono móbil -SMS ou mensaxes push-, correo electrónico, redes sociais ou nosas apps) información axustada aos teus perfís comercial e, de ser o caso, de



risco en materia de seguros (é dicir, adaptada aos teus intereses, necesidades, preferencias e características) sobre produtos e servizos das demais empresas do Grupo Económico de ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (en diante, «Empresas do Grupo ABANCA»), así como de terceiros colaboradores de ABANCA Vida e Pensións (entidades mercantís e entidades sen ánimo de lucro coas que ABANCA Vida e Pensións mantén acordos de colaboración).

3.4.2. Ceder os teus datos a outras empresas do Grupo Económico de ABANCA para facilitar os seus procesos de contratación contigo.

Compartiremos os teus datos persoais con outras empresas do Grupo Económico de ABANCA co fin de facilitar e axilizar a análise (incluído o do risco obxecto de aseguramento en caso de operacións de seguro ou o risco de crédito en caso de operacións de financiamento) e a posible formalización dun contrato ou precontrato que solicitases á correspondente empresa do Grupo Económico de ABANCA destinataria dos datos; ou ben para facilitar e axilizar a xestión e execución dun contrato ou precontrato que xa manteñas coa correspondente empresa do Grupo Económico de ABANCA destinataria dos datos.

3.4.3. Ceder os teus datos a colaboradores de ABANCA Vida e Pensións para facilitar os seus procesos de contratación contigo.

Compartiremos os teus datos persoais con colaboradores de ABANCA Vida e Pensións (entidades mercantís e entidades sen ánimo de lucro coas que ABANCA Vida e Pensións mantén acordos de colaboración) co fin de facilitar e axilizar a análise (incluído o do risco obxecto de aseguramento en caso de operacións de seguro ou o risco de crédito en caso de operacións de financiamento) e a posible formalización dun contrato ou precontrato que solicitases ao correspondente colaborador de ABANCA Vida e Pensións destinatario dos datos; ou ben para facilitar e axilizar a xestión e execución dun contrato ou precontrato que xa manteñas co correspondente colaborador de ABANCA Vida e Pensións destinatario dos datos.

3.4.4. Ceder os teus datos a outras empresas do Grupo Económico de ABANCA para que poidan ofrecerche información publicitaria axustada ao teu perfil sobre os seus produtos e servizos.

Compartiremos os teus datos persoais con outras empresas do Grupo Económico de ABANCA para que tales empresas elaboren ou actualicen o teu perfil comercial e o teu perfil de risco en materia de seguros ou, de ser o caso, o teu perfil de risco crediticio, e, facendo uso de tales perfís, poidan preparar, para ofrecerche, información publicitaria axustada a eles (é dicir, adaptada aos teus intereses, necesidades, preferencias, capacidade de aforro e capacidade crediticia) sobre os produtos e servizos que ofrezan ou comercialicen en cada momento; información que, en consecuencia, as citadas empresas che farán chegar de forma directa e a través de calquera medio (incluído o correo electrónico, as mensaxes SMS e outros medios de comunicación electrónica equivalente).

3.4.5. Ceder os teus datos a colaboradores de ABANCA Vida e Pensións para que poidan ofrecerche información publicitaria axustada ao teu perfil sobre os seus produtos e servizos.

Compartiremos os teus datos persoais con colaboradores de ABANCA Vida e Pensións (entidades mercantís e entidades sen ánimo de lucro coas que ABANCA Vida e Pensións mantén acordos de



colaboración) para que elaboren ou actualicen o teu perfil comercial e o teu perfil de risco en materia de seguros ou, de ser o caso, o teu perfil de risco crediticio, e, facendo uso de tales perfís, poidan preparar, para ofrecerche, información axustada a eles (é dicir, adaptada aos teus intereses, necesidades, preferencias, capacidade de aforro e capacidade crediticia) sobre os produtos e servizos que ofrezan ou comercialicen en cada momento; información que, en consecuencia, os citados colaboradores che farán chegar de forma directa e a través de calquera medio (incluído o correo electrónico, os mensaxes SMS e outros medios de comunicación electrónica equivalente).

3.4.6. Melloras no proceso de cálculo da prima do seguro e elaboración do teu perfil comercial facendo uso de fontes externas.

Enriqueceremos a información sobre ti da que xa dispoñemos a través das nosas fontes internas (é dicir, a información que fose facilitada por ti ou xerada en ABANCA Vida e Pensións con motivo da xestión dos produtos e servizos que contratases con ABANCA Vida e Pensións), con outros datos sobre a túa persoa proporcionados por distintas fontes externas, tales como rexistros públicos (como, p.ex. o Rexistro da Propiedade, o Rexistro Mercantil, o INE e o Catastro); fontes accesibles ao público (como, p.ex., listados públicos de persoas asociadas a colexios profesionais, diarios e boletíns oficiais, medios de comunicación social e redes sociais abertas); as empresas do Grupo Económico de ABANCA ás que autorizases que nos cedan os teus datos persoais (como, p. ex., o *scoring* bancario) para a elaboración pola nosa banda do teu perfil comercial e o teu perfil de risco en materia de seguros; ferramentas e bases de datos de xeomárketing; datos de navegación en páxinas web ou aplicacións de terceiros, no caso de que aceptases o uso de cookies e outras tecnoloxías similares nos dispositivos de navegación correspondentes; así como os ficheiros comúns do sector de seguros comúns do sector de seguros (p.ex., ficheiros de selección e tarificación de riscos e ficheiros para a elaboración de estudos técnicos e estatístico-actuariais). Todo iso co propósito de poder dispoñer de información relevante para calcular o importe da prima e elaborar respecto de ti un perfil comercial e un perfil de risco en materia de seguros con fins comerciais máis completos e con máis profundidade que os elaborados con fontes internas, o que nos permitirá personalizar de modo máis certo as propostas que che dirixamos en relación cos nosos produtos e servizos, incluíndo a elaboración dunha tarifa ou prezo personalizados en función do teu perfil.

3.4.7. Manter o tratamento dos teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación para a xestión dunha nova solicitude.

Conservaremos os teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación contigo, e por un prazo máximo de 5 anos, para xestionar as novas solicitudes de produtos ou servizos que poidas formularnos.

3.4.8. Manter o tratamento dos teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación para continuar enviándoches información publicitaria axustada ao teu perfil sobre produtos e servizos de ABANCA Vida e Pensións.

Conservaremos os teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación contigo, e por un prazo máximo de 5 anos, para continuar enviándoches, a través de calquera medio (correo postal, teléfono, mensaxes de calquera tipo ao teléfono móbil —como SMS ou mensaxes push—, correo electrónico, redes sociais ou nosas app), información publicitaria axustada aos teus perfís comercial e de risco



en materia de seguros (é dicir, adaptada aos teus intereses, necesidades e preferencias) sobre produtos e servizos propios de ABANCA Vida e Pensións.

3.4.9. Manter o tratamento dos teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación para continuar enviándoches información publicitaria axustada ao teu perfil sobre produtos e servizos das demais empresas do Grupo Económico de ABANCA e de colaboradores.

Conservaremos os teus datos persoais unha vez finalizada a nosa relación contigo, e por un prazo máximo de 5 anos, para continuar enviándoches, a través de calquera medio (correo postal, teléfono, mensaxes de calquera tipo ao teléfono móbil —como SMS ou mensaxes push—, correo electrónico, redes sociais ou nosas app), información axustada aos teus perfís comercial e de risco en materia de seguros (é dicir, adaptada aos teus intereses, necesidades e preferencias) sobre produtos e servizos das demais empresas do Grupo Económico de ABANCA e dos terceiros colaboradores de ABANCA Vida e Pensións (entidades mercantís e entidades sen ánimo de lucro coas que ABANCA Vida e Pensións mantén acordos de colaboración).

4. Con quen compartimos os teus datos?

O tratamento, para dar cumprimento ás finalidades anteriormente detalladas en función da base xurídica lexitimadora especificada para cada finalidade, pode implicar que os teus datos persoais sexan comunicados a terceiros, tales como: i) A entidades financeiras para poder proceder ás cobranzas e pagos oportunos; ii) Ao Índice Nacional de Defuncións - INDEF; iii) Ao Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas; iv) Aos auditores de contas externos; v) A entidades encargadas da xestión das continxencias recollidas no contrato que manteñas con ABANCA Vida e Pensións; vi) A Entidades promotoras dos plans de pensións (p.ex., ao empregador que inste a creación dun plan de pensións incluído na modalidade sistema de emprego); vii) Ás entidades encargadas da xestión depositaria dos fondos de pensións; así como, de ser o caso, ás entidades nas cales ABANCA Vida e Pensións externalice algunha función clave (función actuarial, función de xestión de riscos e función de auditoría interna); viii) Ás empresas do Grupo Económico de ABANCA e a entidades colaboradoras; ix) A provedores de servizos; x) Ás autoridades de supervisión nacionais e da Unión Europea (como, por exemplo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións); xi) Ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención de Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias (“SEPBLAC”) e ás demais autoridades competentes en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo; xii) Á Axencia Estatal de Administración Tributaria e outras administracións tributarias que resulten competentes; xiii) A xuíces e tribunais; xiv) A Forzas e Corpos de Seguridade do Estado; xv) Ao Defensor do Partícipe; e xvi) Á Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras —UNESPA—. Así mesmo, informámosche de que determinadas sociedades que prestan servizos a ABANCA Vida e Pensións están situadas fóra da Unión Europea, o que implica a realización de transferencias internacionais de datos. Neste sentido, ABANCA Vida e pensións garante a aplicación de medidas de seguridade técnicas, organizativas e legais que resulten axustadas ao nivel de risco do tratamento con independencia do territorio onde este se produza.

5. Cales son os dereitos que te asisten?

Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade dos teus datos persoais, así como revogar os teus consentimentos previamente ou-



torgados, dirixíndote ao Servizo de Atención ao Cliente de ABANCA Vida e Pensións a través das canles referidas na información adicional e detallada sobre protección de datos que figura na política de privacidade de ABANCA Vida e Pensións accesible na páxina web <https://www.abanca.com/>, dentro do apartado de «Aspectos legais e de seguridade», situado na parte inferior da devandita páxina web.

6. Onde podes consultar a información detallada de protección de datos?

Podes consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na política de privacidade de ABANCA Vida e Pensións accesible na páxina web <https://www.abanca.com/>, dentro do apartado de «Aspectos legais e de seguridade», situado na parte inferior da devandita páxina web (<https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidade-abanca-vida-pension/s/informacion-adicional/>).

Na política de privacidade tamén se detallan, respecto de cada tratamento que ABANCA Vida e Pensións levará a cabo, as concretas categorías de datos utilizados en cada un dos devanditos tratamentos, e inclúese a explicación da lóxica aplicada aos perfilados que poderán realizarse sobre os teus datos persoais en función da correspondente base lexitimadora.

Artigo 28. Continxencias cubertas polo plan

As continxencias cubertas polo presente plan de pensións, que dan orixe ao pagamento de prestacións, son as seguintes:

a) Xubilación da persoa partícipe. Para a determinación desta continxencia atenderase ao previsto no réxime de seguridade social correspondente ou no da lexislación que lle sexa aplicable.

Cando non for posible o acceso dunha persoa partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida no momento en que a persoa partícipe cumpra os 65 anos de idade, no momento no que a persoa partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional e non se atope cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. No entanto, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade segundo a lexislación vixente.

Así mesmo, poderase percibir a prestación de xubilación no caso de que a persoa partícipe, calquera que for a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego nos casos previstos nos artigos 49.1g), 51,52 e 57.*bis* do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores: (1) Morte, xubilación ou incapacidade do empresario ou extinción da personalidade xurídica contratante; (2) Despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción (ERE); (3) Extinción do contrato por causas obxectivas; (4) Procedemento concursal; así como naqueles supostos que estableza en cada momento a normativa.

A partir do acceso á xubilación, a persoa partícipe poderá seguir realizando achegas ao plan de pensións. No entanto, unha vez iniciado a cobranza da prestación de xubilación, as achegas só poderán destinarse ás continxencias de falecemento e dependencia. O mesmo réxime aplicárase cando non sexa posible o acceso á xubilación ás achegas que se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir da cobranza anticipada da prestación correspondente.



Adquirirase o dereito para obter esta prestación con motivo do acceso á xubilación parcial. As persoas que se atopen na devandita situación, debidamente acreditada, terán como condición preferente a de partícipe para a cobertura das continxencias previstas nestas especificacións susceptibles de acaecer, podendo realizar achegas para a xubilación total, que poderá compaxinar coa cobranza de prestacións, de acordo co réxime de incompatibilidades de achegas e prestacións previsto na normativa en vigor.

b) Invalidez: incapacidade laboral total e permanente para a profesión habitual, incapacidade absoluta e permanente para todo traballo ou grande invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente da Seguridade Social.

c) Dependencia severa ou gran dependencia da persoa partícipe, regulada na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

d) O falecemento da persoa partícipe por calquera causa. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

e) O falecemento dunha persoa beneficiaria por calquera causa que, en función da modalidade de prestación que previamente se definiu, xere o dereito a prestación a favor do seu ou a súa cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida, fillos ou fillas ou outras persoas herdeiras ou persoas designadas. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.»

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 15 de decembro de 2025 en relación coa omisión da admisión a trámite da pregunta con resposta escrita doc. núm. 41117 (12/PRE-013313)

Advertida a omisión por un erro material, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 15 de decembro de 2025, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de información debe engadirse:

Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 41117 (12/PRE-013313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a contía que recadou Augas de Galicia polo cobro do canon da auga no concello de Frades durante o ano 2017

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Corrección de erros na execución dos acordos das Resolucións da Presidencia do 27 de agosto de 2024 e 28 de agosto de 2025 e da Mesa do Parlamento dos días 3 de setembro de 2024 e 4 de febreiro de 2025, en relación coas respostas das preguntas escritas núms. 2063 (12/PRE-001823), 22592 (12/PRE-008416), 25994 (12/PRE-008780), 20999 (12/PRE-010012), 6483 (12/PRE-002316) e 8269 (12/PRE-003377)

Advertida a omisión por un erro material, das preguntas por escrito, na relación das iniciativas cualificadas por Resolucións da Presidencia do 27 de agosto de 2024 e 27 de agosto de 2025 e pola Mesa do Parlamento nas reunións dos días 3 de setembro de 2024 e 4 de febreiro de 2025, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de información débese engadir:

Preguntas para resposta por escrito

Coñecemento da resposta, remisión ás deputada e aos deputados e publicación

—Resolución da Presidencia do 27 de agosto de 2024

- 9137 - 2063 (12/PRE-001823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación en que está a Fundación Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica e as previsións que ten o Goberno galego para garantir o seu correcto funcionamento

—Resolución da Presidencia do 27 de agosto de 2025

- 32052 - 22592 (12/PRE-008416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as explicacións da Xunta de Galicia, así como as responsabilidades políticas que pensa asumir, tras o último derrubamento rexistrado no edificio do Hospital Materno-Infantil de Ourense

- 31366 - 25994 (12/PRE-008780)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre os resultados da visita realizada polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á fábrica de Sargadelos

- 31291 - 20999 (12/PRE-010012)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos



— Mesa do 3 de setembro de 2024

- 9833 - 6483 (12/PRE-002316)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cobertura da demanda xerada en Galicia das prestacións outorgadas pola Lei de dependencia

— Mesa do 4 de febreiro de 2025

- 18501 - 8269 (12/PRE-003377)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a evolución das axudas para investimentos en pemes do sector da transformación de produtos pesqueiros e da acuicultura convocadas ao abeiro da orde publicada o 3 de xaneiro de 2023

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:46:54
Nº Rexistro: 41117
Data envío: 10/12/2025 09:46:54.890

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Augas de Galicia é un ente dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, responsable do control dos vertidos aos ríos da demarcación hidrográfica Galicia-Costa e dos que chegan desde terra ao mar. Como parte dos labores desempeñados pola entidade, Augas de Galicia realiza inspeccións e controis nos concellos, amparada no marco do Cap. IV do Decreto 141/2012.

En base ao exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Canto recadou Augas de Galicia polo cobro do Canon do Auga no concello de Frades durante o ano 2017?

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2025

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:51
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/12/2025 ás
13:51
Por Carlos López Font



Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 09/12/2025 13:51:06

Aitor Bouza Manso na data 09/12/2025 13:51:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:46:54
Nº Rexistro: 41117
Data envío: 10/12/2025 09:46:54.890

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2025 9:46:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:46:54
Nº Rexistro: 41117
Data envío: 10/12/2025 09:46:54.890

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 2063**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a situación en que está a Fundación Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica e as previsións que ten o Goberno galego para garantir o seu correcto funcionamento"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

"A Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica – FUNGA-, traballa dende o ano 1996 no ámbito da protección xurídica, patrimonial e social das persoas maiores de idade que, conforme ás resolucións xudiciais pertinentes, precisen de medidas de apoio para o seu desenvolvemento persoal cotián, en base ao establecido na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, para a cal a Fundación ten plenamente adaptados os seus estatutos e estrutura de traballo.

Así mesmo, presta un importante servizo de apoio, asesoramento e información ás familias, en materia de discapacidade e establecemento de medidas de apoio.

A Xunta de Galicia fai unha valoración positiva do traballo desenvolvido pola Fundación, poñendo en valor o feito de estar a prestar un labor imprescindible e meritório, tratándose dun ámbito tan sensible como é o da protección ás persoas máis vulnerables.

En consonancia coa importancia deste labor, a Xunta vén incrementando os recursos destinados á Fundación, tanto en materia orzamentaria como de recursos humanos, ano tras ano, mostrando deste xeito un forte compromiso coa mellora das condicións de traballo da FUNGA.

Así, en materia orzamentaria, cómpre indicar que para este ano 2024 os recursos dispoñibles ascenden a un preto de 2,2M€, cunha achega superior nun 15,89% á orzamentada no ano 2023. Dende o ano 2019, cando o orzamento era de 1.012.026€, téñense, polo tanto, máis que duplicado os recursos económicos á disposición da FUNGA.

Este incremento permitiu, entre outras medidas levadas a cabo, incrementar os postos de traballo existentes na Fundación. Así, dende o ano 2020 a FUNGA conta con dúas auxiliares administrativas, unha administrativa e unha técnica xurídica, a maiores do persoal preexistente. Deste xeito, o plantel actual ascende a un total de 27 profesionais, destacando que supón un incremento dun 50% fronte ao existente no ano 2009.

De cara a este ano 2024, prevese a incorporación dun novo equipo interdisciplinar de traballo, constituído por 1 traballador/a social, 1 técnico/a xurídico/a e 1 administrativo/a, equipo para o que se dispón da correspondente contía orzamentaria e para o que xa se está levando a cabo a tramitación administrativa correspondente. Este novo equipo de traballo pon de manifesto o compromiso do Goberno Galego coa FUNGA e coas persoas beneficiarias do seu importante labor social."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2024 11:36:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2024 11:36:21
Nº Rexistro: 9137
Data envío: 14/08/2024 11:36:21.143

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 22592** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outras deputadas e deputados, sobre **"as explicacións da Xunta de Galicia, así como as responsabilidades políticas que pensa asumir, tras o último derrubamento rexistrado no edificio do Hospital Materno-Infantil de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

" A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22618, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/LKxwcXShfSpRYozypHmE4McFukdw7rDZyB59tIHRezEvidvq> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 12:40:52
Nº Rexistro: 32052
Data envío: 22/08/2025 12:40:52.681

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 12:40:52

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25994**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona María Elena Espinosa Mangana sobre **"os resultados da visita realizada polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á fabrica de Sargadelos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

" A visita do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración á planta de Cervo está enmarcada nos contactos que está a manter a Xunta de Galicia coa dirección de Sargadelos. Neste caso, tratouse dunha visita interna ás instalacións da planta.

O Goberno galego remarca a súa vontade para facilitar a implantación das medidas que corrixa as deficiencias detectadas a raíz da inspección, dándolle prioridade á saúde dos traballadores e traballadoras, atendendo coa máxima sensibilidade legal as singularidades dun edificio catalogado como BIC.

Non obstante, cómpre trasladar que a análise técnica sinala que o subsanamento destas eivas é perfectamente compatible co mantemento da actividade. A colaboración da Xunta irá sempre da man de garantir a continuidade da planta e o respecto dos dereitos laborais do persoal.

Neste sentido, a Xunta está a traballar con seriedade, discreción e rigor, e apelando á responsabilidade de todas as partes para atender, con todas as garantías, o futuro dos traballadores e traballadoras e o da propia planta de Cervo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31366
Data envío: 18/08/2025 15:31:39.111

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:31:38

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 20999**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Lara Méndez López, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a aprobación da prórroga do Plan Moves III e o impulso de normativas e subvencións públicas para facilitar o desenvolvemento de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O 7 de marzo de 2025, a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 15989, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración que o Goberno galego realiza do proceso de transición enerxética en relación co sector do transporte, así como sobre o balance que realiza do programa Moves III e do Plan Renova o teu vehículo, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación inxírese ligazón á resposta:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdIMGM00TktMzFLYi00NWQ0LTliNWMtNmUxZmZkYjVjODhl&start=1291>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 13:56:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 13:56:26
Nº Rexistro: 31291
Data envío: 18/08/2025 13:56:26.432

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 6483**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a cobertura da demanda xerada en Galicia das prestacións outorgadas pola Lei de dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade** que ten o seguinte contido:

" O Goberno galego ten o firme compromiso de seguir acurtando a espera aos galegos que agardan por un servizo, por iso, aprobamos un novo decreto que axiliza o procedemento e reduce a papelame. E reforzamos os equipos de valoración, coa incorporación de máis profesionais e a creación de novos equipos.

Estamos dando grandes avances pero é necesario que o Goberno central cumpra coa Lei de Dependencia e financie o 50% que corresponde, non só o 30%.

Aínda sen apoio do Executivo central, nos últimos tres anos o Goberno galego foi quen de incrementar nun 30% o número de expedientes resoltos. E reducimos ata o 2% a lista de espera, oito puntos por debaixo da media nacional

Os últimos datos oficiais sobre dependencia publicados polo Imsero confirman que Galicia segue sendo unha das comunidades autónomas con mellores datos de atención cunha taxa de cobertura do 98% e máis de 74.000 persoas con servizo.

Por outro lado, queremos que as persoas maiores que viven en residencias teñan as mellores atencións e se sintan como nas súas casas. A este obxectivo responde o novo modelo de coidados que estamos a implantar nos nosos centros.

Por último, desde o 2009 ata hoxe a Xunta triplicou o número de prazas residenciais públicas, ata superar as 15.000. Ademais, as seguirá aumentando con:

Os sete centros que constrúe e equipa a Fundación Amancio Ortega (900 prazas públicas).

E as novas residencias do Barbanza (Ribeira) e Antas de Ulla, con arredor de 150 prazas públicas entre as dúas.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nos últimos anos, o Goberno galego deu un forte impulso á atención ás persoas maiores para que poidan escoller libremente como e onde desexan ser coidados, e por iso tamén reforzou os servizos a aqueles que queren continuar vivindo nas súas casas, que son a inmensa maioría:

O Bono Coidados no Fogar, unha axuda de 5.000€ ao ano para os maiores coidados nas súas casas e que recibirán ao longo deste ano máis de 20.000 galegos.

As máis de 120 casas de maior en funcionamento.

Ou o incremento do financiamento do SAF para que 26.000 maiores reciban atención profesional nos seus domicilios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2024 11:53:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2024 11:53:07
Nº Rexistro: 9833
Data envío: 27/08/2024 11:53:07.100

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8269**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a evolución das axudas para investimentos en pemes do sector da transformación de produtos pesqueiros e da acuicultura convocadas ao abeiro da orde publicada o 3 de xaneiro de 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O Consello da Xunta deu conta o 3 de xuño de 2024 do informe relativo á orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciados coa primeira convocatoria do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2024.

Deste xeito, a Consellería do Mar destina á mellora da competitividade e da rendibilidade das pequenas e medianas empresas galegas desta categoría 19 millóns de euros, que se distribúen nas seguintes anualidades: 2024 (9 millóns) e 2025 (10 millóns).

Con estas axudas, o Goberno galego aporta o 50% do importe subvencionable de cada unha delas, podendo esta porcentaxe elevarse ao 100% no caso de que os proxectos cumpran os requisitos de que tanto o interese como as beneficiarias sexan colectivos, teñan características innovadoras ou garantan o acceso do público aos seus resultados.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, está a de fomentar a calidade e valor engadido dos produtos; aumentar a eficiencia enerxética; reducir o impacto no medio ambiente; mellorar a mobilidade sostible da distribución de produtos da pesca; favorecer a economía circular mediante a prevención e optimización dos procesos, minimización dos residuos, o aproveitamento comercial das capturas non desexadas ou subprodutos, o uso de descartes para o desenvolvemento de subprodutos, a transformación de capturas de peixe comercial que non poidan destinarse ao consumo humano; ou fomentar a transformación de produtos de acuicultura ecolóxica.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medias empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen a, entre outras cuestións, aforrar enerxía, mellorar a seguridade ou optimizar os procesos de transformación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado desde o día seguinte á publicación da convocatoria de axudas no Diario Oficial de Galicia, prevista para o mes de xuño.

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) financia proxectos de aplicación da nova reforma da Política Pesqueira Común e presta apoio financeiro a pescadores, acuicultores e poboacións costeiras para a súa adaptación ás novas normas. Ademais, ten en conta proxectos destinados a fomentar o "crecemento azul" e a creación de postos de traballo, ao abeiro da política integrada da Unión Europea.

Este tipo de apoios súmase aos xa executados no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca (2016-2023), a través do que a administración autonómica inxectou máis de 105 millóns de euros ao sector, que permitiron desenvolver 380 iniciativas e mobilizar un investimento de máis de 200 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:35:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18501
Data envío: 27/01/2025 14:35:57,183

CSV: BOPGDSPG-9YLwCspH-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

